



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Practicum I		Código	652G04028
Titulación	Grao en Logopedia			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	9
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos	Para matricularse no Practicum I é necesario ter superado 100 créditos			
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en EducaciónFisioterapia, Medicina e Ciencias BiomédicasPedagogía e DidácticaPsicoloxía			
Coordinación	Gómez Sánchez, Tania Fátima	Correo electrónico	tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es	
Profesorado	Botana Lois, Iria Bueno Palomino, Ana Maria Fernandez Garcia, Rosa Maria Garcia Real, Teresa Juana Gómez Sánchez, Tania Fátima Gonzalez Fernandez, Maria angeles Lodeiro Fernández, Leire Pernas Cortiñas, María Lorena Redondo Díaz, Mª Milagros Rodríguez Machado, Eduardo Rafael Vilameá Pérez, Mónica Vilariño Vilariño, Maria Isabel	Correo electrónico	iria.botana@udc.es ana.bueno@udc.es rosa.fernandez@udc.es teresa.greal@udc.es tania.fatima.gomez.sanchez@udc.es maria.angeles.gonzalez@udc.es leire.lodeiro@udc.es lorena.pernas@udc.es m.redondo@udc.es e.rodriguez.machado@udc.es m.vilamea@udc.es isabel.vilarino@udc.es	
Web				



<b>Descrición xeral</b>	<p>CORREO-E: <a href="mailto:practicum.educacion@udc.es">practicum.educacion@udc.es</a></p> <p><b>REQUISITOS DE MATRÍCULA E CRÉDITOS</b></p> <p>Para matricularse no Practicum I é necesario ter superado 100 créditos.</p> <p>Presencialidade obrigatoria nas Aulas clínicas da Facultade</p> <p>Consta de 9 créditos ECTS: 63 horas de carácter presencial e 162 horas de traballo autónomo.</p> <p><b>TEMPORALIZACIÓN:</b></p> <p>Cursase durante o segundo cuatrimestre</p> <p>Cada estudante acude nove semanas, cun total de 12 días de practicas clínicas e 8 días de seminarios. A asignación aos grupos de prácticas farase por orden alfabético.</p> <p>Total de Horas Presenciales 63, repartidas de la siguiente forma:</p> <p>Horas con usuarios: 35</p> <p>Seminarios: 20</p> <p>Preparación del practicum y tutorización: 8</p> <p><b>DESCRIPCIÓN:</b></p> <p>No curso 2009/10 iniciabamos o proceso de implantación dos plans de estudio acorde cos requirimentos do novo Espacio Europeo de Educación Superior, posto en marcha no 1999 coa Declaración de Bolonia e que destacaba a importancia de reforzar a investigación-innovación-educación para o que se propoñía como un fin básico mellorar a formación nos contextos das diferentes prácticas profesionais que a nosa lexislación recolle do seguinte xeito: "Os títulos de Grao teñen como finalidade a obtención por parte do alumnado dunha formación xeral, nunha ou varias disciplinas, orientada á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional" (art.9.1), de tal maneira que contempla a posibilidade de establecer prácticas externas que virían a "reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a formación?...proporcionando un coñecemento máis profundo acerca das competencias que necesitará" (Preámbulo) (RD 1393/2007, de 29 de outubro, de Ordenación das ensinanzaas universitarias oficiais).</p> <p>O propósito central da materia Practicum non será só poñer en relación a formación adquirida cos diferentes contextos profesionais propios da educación do século XXI, facilitando que o estudantado tome conciencia dos aspectos básicos das prácticas profesionais; senón tamén asignarlle un papel chave na formulación de problemas e cuestións importantes que se usen para poñer en funcionamento a investigación, situando a práctica profesional no centro da formación, como elemento a ter en conta para a organización do curriculum, onde a reflexión sobre a experiencia converta esa experiencia en fonte de aprendizaxe, incrementando a capacidade de aprender con autonomía, potenciando a aprendizaxe reflexiva para avanzar na construción do propio coñecemento, tomar decisións, innovar, buscar recursos e traballar en rede, competencias básicas para as novas titulacións de grao que responden ás esixencias da educación do século XXI.</p> <p>O marco conceptual ven dado polos obxectivos xerais para o Grao de Logopedia, fixados pola Orden Ministerial CIN/726/2009, que establece que as competencias propias da logopedia non poden ser desempeñadas por ningún outro profesional ou disciplina.</p>
-------------------------	--



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Sen modificacións</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Non se realizan modificacións</p> <p>Se non se puideran completar as horas de estadia no centro, estudarase a situación e seguiranse as indicacións recollidas nas Instrucións do 1 de xullo de 2021 da Secretaría Xeral de Universidades, de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2021/2022 e AS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PREVISTAS PARA ACOMODAR AS ACTIVIDADES ACADÉMICAS Á SUSPENSIÓN TEMPORAL DA ACTIVIDADE DOCENTE PRESENCIAL que poidan ser aprobadas dende a propia universidade, así como as RECOMENDACIÓNS DA CONFERENCIA DE DECANOS E DECANAS DE LOGOPEDIA DAS UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS (CDLUE) RESPECTO ÁS PRÁCTICAS EXTERNAS DO ALUMNADO. A proposta de alternativas farase desde o Vicedecanato de Practicum, contando co acordo do profesorado titor de centro e da facultade así como do alumnado. A proposta presentárase fronte á Comisión de Título para o visto e prace da mesma.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Sen modificacións</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Realizarase a través de correo electrónico, Moodle e Microsoft Teams</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Sen modificacións</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Sen modificacións</p>
-----------------------------	--

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A8	Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.
A9	Coñecer e aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación.
A10	Realizar a avaliación das alteracións da linguaxe nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglosias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.
A11	Redactar un informe de avaliación logopédica.
A12	Realizar unha avaliación tras a intervención.
A13	Coñecer os principios xerais de la intervención logopédica.
A14	Coñecer as funcións da Intervención logopédica: prevención, educación, reeducación, rehabilitación e tratamento.
A15	Coñecer e aplicar os modelos e as técnicas de intervención.



A16	Coñecer as características diferenciais da intervención logopédica nos ámbitos familiar, escolar, clínico-sanitario e asistencial.
A17	Coñecer e realizar a intervención logopédica nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, retrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglosias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.
A18	Coñecer e realizar a intervención logopédica en Atención Temperá.
A19	Coñecer e implementar os Sistemas de Comunicación Aumentativa.
A20	Coñecer e implementar as axudas técnicas á comunicación.
A22	Saber deseñar, programar e avaliar a actuación logopédica.
A25	Coñecer a organización de institucións educativas, sanitarias e sociais.
A26	Adquirir un coñecemento práctico para a avaliación logopédica.
A27	Realizar a planificación estratéxica da intervención logopédica.
A28	Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais).
A29	Adquirir a formación práctica para o traballo individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador.
A30	Coñecer a actuación profesional e os contornos onde se desenvolve a práctica.
A31	Adquirir o desenvolvemento os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.
A32	Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B3	Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.
B6	Capacidade de adaptarse aos cambios.
B8	Capacidade de observar e de escoitar de forma activa.
B9	Capacidade de organizar e planificar.
B10	Capacidade para motivarse e procurar a calidade na actuación profesional.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B13	Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da comunicación e da información.
B14	Destreza e empatía nas relacións interpersoais.
B15	Poñer en valor a súa profesión no contorno en que desenvolve o seu traballo.
B16	Resolver problemas de forma efectiva.
B17	Saber expresarse en público.
B21	Tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
B23	Traballar de forma colaborativa.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Adquirir un coñecemento práctico para a avaliación logopédica.	A8 A9 A10 A11 A12 A26	B1 B3 B8 B11	C1
Realizar a planificación estratéxica da intervención logopédica.	A13 A14 A15 A18 A27	B6 B9 B10 B14	C3 C6
Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica	A17 A22 A29	B12 B15 B16	C4
Adquirir a formación práctica para o traballo individual, grupal, cooperativo e de mediación con facilitador.	A14 A16 A30	B6 B12 B15 B23 B24	
Coñecer a actuación profesional e as contornas onde se desenvolve a práctica.	A16 A18 A25 A28	B12 B21 B23	C5 C7
Adquirir ou desenvolver os recursos persoais para a intervención: habilidades sociais e comunicativas, habilidades profesionais, avaliación da propia actuación profesional, técnicas de observación, técnicas de dinamización ou toma de decisións.	A29 A31	B2 B15 B17 B23 B24	C4 C8
Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.	A19 A20 A32	B13	C3 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
O proceso de avaliación logopédica	<p>Explorar, observar, avaliar e emitir un xuízo diagnóstico:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplicación das técnicas de entrevista e recollida de datos aos usuarios, familias e/ou cuidadores. A historia clínica do paciente.</li> <li>- Aplicación das técnicas observacionais: tipos de rexistros observacionais e a súa aplicación; adaptación e creación de rexistros observacionais atendendo a tipoloxía dos usuarios.</li> <li>- Aplicación de probas estandarizadas: interpretación dos datos.</li> <li>- Elaboración de informes de exploración e diagnóstico clínico.</li> </ul>



O proceso de tratamento logopédico: programación, implementación e avaliación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño e implementación de programas de tratamento logopédico: Formulación de obxectivos e etapas, elección de técnicas e recursos materiais mais adecuados, rexistro das sesións adicadas o programa de intervención.</li> <li>- A avaliación do proceso de intervención.</li> <li>- O deseño do plan de actuación coa familia do usuario: formulación e deseño de obxectivos, pautas de asesoramento e actividades para as familias co obxectivo de que apoiem o proceso de intervención.</li> <li>- O tratamento interdisciplinar: Recoñecemento dos límites das competencias profesionais do logopeda e identificación da necesidade dun tratamento interdisciplinar.</li> <li>- A elaboración de informes sobre tratamento, portadores de xuízos clínicos e liñas de mellora do proceso de intervención.</li> </ul>
Recursos materiais empregados na intervención logopédica	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O uso dos recursos e materiais na intervención logopédica.</li> <li>- A adaptación do uso do materiais: en función dos obxectivos do programa e das características cognitivas, motoras ou psicolóxicas dos usuarios.</li> <li>- A creación de materiais en función dos obxectivos do programa, en función das características cognitivas, motoras ou psicolóxicas dos usuarios.</li> </ul>
Reflexión sobre o código deontolóxico da profesión	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O tratamento dos datos persoais dos usuarios.</li> <li>- A confidencialidade ou secreto profesional.</li> <li>- A aplicación de criterios profesionais para o inicio ou finalización do tratamento e a derivación de usuarios.</li> </ul>
Desenvolvemento dos recursos persoais para a intervención logopédica	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As habilidades sociais e comunicativas para o establecemento das relacións interpersoais cos usuarios, as súas familias e con outros profesionais implicados no tratamento.</li> <li>- Avaliación da propia actuación profesional.</li> <li>- Capacidade de traballo en equipo: técnicas de observación, técnicas de dinamización ou de toma de decisións.</li> </ul>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A9 A10 A11 A12 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A30 A31 B3 B6 B8 B9 B10 B11 B12 B14 B15 B16 B17 B21 B23 B24 C1 C4 C5	35	35	70



Seminario	B2 B9 B10 B11 B12 B15 B16 B23 C1 C5 C6 C7 C8	20	40	60
Estudo de casos	A9 A10 A11 A12 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A22 A26 A27 A28 A29 B3 B6 B8 B9 B11 B12 B14 B16 B17 B21 B23 B24 C1	0	8	8
Traballos tutelados	A9 A10 A11 A12 A15 A17 A18 A19 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A31 A32 B1 B2 B9 B11 B21 B23 C1 C3	0	30	30
Análise de fontes documentais	A8 A13 A14 A25 A30 B1 B2 B9 B10 B15 C4 C5 C6 C7 C8	0	15	15
Lecturas	A8 A13 A14 A25 A30 B1 B2 B9 B10 B15 C4 C5 C6 C7 C8	0	10	10
Portafolios do alumno	A9 A10 A11 A12 A15 A17 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A32 B2 B9 B13 C1 C3	0	24	24
Atención personalizada		8	0	8
<b>*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado</b>				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	<p>Consistirán basicamente en:</p> <p>a) Sesións de observación nas que se aplicarán as técnicas observacionais, e levarase a cabo a adaptación e creación de rexistros observacionais dependendo da patoloxía.</p> <p>b) Sesións de orientación práctica e supervisada: deseño e implementación de programas de tratamento logopédico, para o que deberán formularse os obxectivos, elixir as técnicas e recursos materiais, rexistro das sesións adicadas o programa de tratamento, avaliación do proceso de intervención, plan de actuación coa familia, elaboración de informes sobre tratamento, realización de xuízos clínicos e liñas de mellora do proceso de intervención.</p>
Seminario	<p>Levaráanse a cabo 3 seminarios:</p> <p>1. Seminario de recursos materiais: de 10 horas de duración que abordará o coñecemento e manexo dos recursos e materiais na intervención logopédica</p> <p>2. Seminario de avaliación: de 5 horas de duración acerca dos diferentes métodos de recollida de información, así como da elaboración dos informes de avaliación.</p> <p>3. Seminario de intervención: de 5 horas de duración no que se traballarán as habilidades comunicativas para o establecemento das relacións profesionais cos pacientes e as súas familias, a avaliación da propia actuación profesional e tratarase de favorecer ó traballo en equipo a través de dinámicas de grupos.</p>



Estudo de casos	Nos seminarios presentaránse varios estudos de caso nos que se plantearán situacións reais da práctica profesional, e os estudantes deben analizar aspectos relacionados coa avaliación e tratamento para chegar a unha decisión razoada acerca do proceso de intervención.
Traballos tutelados	Baixo a tutela do persoal logopeda encargado das prácticas os estudantes irán elaborando as adaptacións de material, os obxectivos da intervención e os informes de avaliación que se incluírán no portafolios.
Análise de fontes documentais	Deberá realizarse búsquedas bibliográficas relevantes para a temática tratada tanto nos seminarios como nas actividades prácticas.
Lecturas	Os estudantes revisarán algúns textos e documentación escrita que lles permitirá profundizar nalgunhas das patoloxías abordadas nas prácticas.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno tanto nos seminarios como nas prácticas clínicas. En canto ao formato: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Imprescindible índice, numeración de páxinas e bibliografía (normas APA).</li> <li>- Marxes de 2,5 cm laterais e 3 cm superior e inferior.</li> <li>- Interliñado 1,5; texto xustificado; letra Time New Roman 12.</li> <li>- O número de follas do portafolio será entre 50 e 80 páxinas (impreso polas dúas caras), mais o anexo.</li> </ul>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Seminario Análise de fontes documentais Traballos tutelados	O persoal logopeda encargado das prácticas irán guiando a cada alumno/a en cada un dos traballos solicitados durante a realización das prácticas.  O/a titor/a da Facultade realizará o seguimento do traballo do alumno en coordinación cos/as logopedas encargados/as dos seminarios e das prácticas clínicas.  Recoméndase a realización de tres titorías para orientar a elaboración do portafolio: inicial, de seguimento e final.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A9 A10 A11 A12 A15 A17 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A32 B2 B9 B13 C1 C3	A avaliar polo profesorado titor da Facultade: O portafolio terá un peso do 40% na cualificación final:  -Deberase incluír un historia clínica de cada paciente e un breve informe que faga referencia aos datos da avaliación e do tratamento realizado, así como unha valoración persoal  Poderá recollese en anexos a información que, traballada nos seminarios, se considere pertinente para abordar os casos clínicos.  A asistencia e participación do alumnado na titoría inicial, de seguimento e final terá un peso do 10% na cualificación final.	40





Prácticas clínicas	A9 A10 A11 A12 A14 A15 A16 A17 A18 A19 A20 A22 A26 A27 A28 A29 A30 A31 B3 B6 B8 B9 B10 B11 B12 B14 B15 B16 B17 B21 B23 B24 C1 C4 C5	A avaliar polo persoal Logopeda contratado.  Farase unha valoración das capacidades profesionais de cada alumno/a, na que se terá en conta a capacidade de traballo en equipo, de resolver problemas, de aplicar coñecementos, para adaptarse o paciente, e a capacidade de comunicación co paciente e coa familia.  Avaliarase tamén a participación activa nas actividades plantexadas e a actitude do alumno/a.	60
--------------------	--	--	----

### Observacións avaliación

Para aprobar a materia será necesario superar cada un dos elementos da avaliación (portafolios e prácticas clínicas).

O alumnado que suspenda as prácticas clínicas non superará a materia nese curso académico.

Para a segunda oportunidade de avaliación (xullo), consideraranse válidas as cualificacións das actividades que fosen superadas na primeira oportunidade.

A cualificación final será a media ponderada das puntuacións obtidas en cada unha das epígrafes. No caso de non superar a materia, a cualificación será acorrespondente á parte non superada.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	Acosta, V. y Moreno, A.M. (1999). Dificultades del lenguaje en ambientes educativos. Barcelona: Masson. Aguado, G. (1999). Trastorno específico del lenguaje: retraso del lenguaje y disfasia. Málaga: Aljibe. Borrás, S. y Rosell, V. (2005). Guía para la reeducación de la deglución atípica y trastornos asociados. Valencia: Nau Llibres. Bosch, L. (2004). Evaluación fonológica del habla infantil. Barcelona: Masson. Brancal, M.F. (2000). Logopedia creativa en personas con Síndrome de Down. Barcelona: Lebón. Dumont, A. (1999). El logopeda y el niño sordo. Barcelona: Masson. Gallardo, J.R. y Gallego, J.L. (1993). Manual de logopedia escolar. Granada: Aljibe. Gallego, J.L. (2005). Enciclopedia temática de logopedia. Archidona: Aljibe. Garrido, J. (2007). Programación de actividades para educación especial. Madrid: Cepe. Le Huche, F. (2004). La voz. Barcelona: Masson. Monfort, M. y Juárez, A. (1999). El niño que habla. Madrid: Cepe. Moreno, J.M. (2009). Disfonías infantiles: talleres para la prevención. Madrid: EOS Gabinete de orientación psicológica. Nicolás, J. (2003). Alteraciones del habla en la infancia: aspectos clínicos. Buenos Aires: Panamericana. Peña Casanova, J. (1988). Manual de logopedia. Barcelona: Masson. Peralta, M.E. (2002). Reeducación de la deglución atípica funcional en niños con respiración oral. Barcelona: Isep Textos. Perelló, J. (1980). Alteraciones de la voz. Barcelona: Editorial Científico Médica. Puyuelo, M. (2000). Evaluación del lenguaje. Barcelona: Masson. Puyuelo, M. y Arriba, J.A. (2000). La parálisis cerebral infantil: aspectos comunicativos y psicopedagógicos, orientaciones al profesorado y a la familia. Archidona: Aljibe. Puyuelo, M. (2001). Casos Clínicos de logopedia 2. Barcelona: Masson Rosell, V. (1993). Programa de estimulación del Lenguaje oral en educación infantil. Granada: Aljibe. Tulon, C. (2000). La voz: técnica vocal para la rehabilitación de la voz en las disfonías funcionales. Barcelona: Paidotribo. Zambrana, N., González, T. y Dalva, L. (1998). Logopedia y ortopedia maxilar en la rehabilitación orofacial. Barcelona: Masson.
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

### Observacións



Co fin de favorecer o axuste á planificación e temporalización da materia, aquel alumnado que teña previsto solicitar a ampliación da matrícula e incluír o practicum na mesma é necesario que o notifique un mes antes do inicio das prácticas. Deberá remitir un email a [practicum.educacion@udc.es](mailto:practicum.educacion@udc.es), aínda que nese momento non cumpla os requisitos, co fin de facilitarlle as indicacións oportunas.

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:
  - 1.1. Realizarase a través da aplicación, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.
  - 1.2. De realizarse en papel, seguindo as indicacións do profesorado titor de facultade:
    - Non se empregarán plásticos.
    - Realizaranse impresións a dobre cara.
    - Empregarase papel reciclado.
    - Evitarase a impresión de borradores.
2. Débese facer un uso sustentable dos recursos e evitar impactos negativos sobre o medio natural.
3. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais.
4. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas?).
5. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
6. No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero propóranse accións e medidas para corrixilas.
7. Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

**(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**